Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O viño do castro de Vilacaiz

Castro situado na parroquia de Vilacaiz, O Saviñao (Lugo). Hai referencias de que se atopu no recinto unha caixa de granito ben traballada e completamente chea de cinsa.

Segundo o supoñer popular, o castro foi construído polos mouros; por veces saían (desde o socastro) ao exterior pero cando anda xente por alí, desaparecen.

Dise que dentro do castro hai tanto viño que se algún día chegara a estoupar o depósito que o contén, anegaría todo o lugar de Vilacaiz.

Tamén se conta que cando se traballaba a superficie do castro co arado non se podía afondar pois as casas dos mouros están xusto debaixo e tropezan as ferramentas e a rella do arado cos tellados.

Sábese isto porque se oi berrar aos mouros o seguinte:

 Veña, home, cerra o arado; non ares tan fondo, que me destellas a casa!

© Galicia Encantada



BIBLIOGRAFÍA

J. M. González Reboredo. *Lendas galegas de tradición oral*. galaxia, Vigo, 1995.

F. López Cuevillas e A. Fragas. «Los castros de la Tierra de Saviñao». III Congeso Nacional de Arqueología. Zaragoza, 1955.